



BASES PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR, TRANSPORTE E REDUCCIÓN DA FENDA DIXITAL DE ESTUDANTES PARA O CURSO 2026/2027

1. OBXECTO E FINALIDADE DA CONVOCATORIA

Estas bases rexerán a convocatoria para a concesión de axudas en réxime de concorrència competitiva para a adquisición de equipamento, material escolar e axudas ao transporte do alumnado, ademais de reducir a fenda dixital no rural.

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos de outorgamento das axudas son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrència competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia e voluntariedade.

Liña 1: AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR: para alumnado de BAC (residente en Guitiriz e matriculado en centros municipais e de fóra do municipio) Pretenden cubrir as necesidades de material escolar de material didáctico, biblioteca e/ou reprografía.

Liña 2: AXUDAS AO TRANSPORTE: Estudantes Universitarios, Ciclos Formativos e F.P. Básico ou excepcionalmente outros estudos regrados. Pretende cubrir as necesidades de desprazamento do alumnado tanto ao lugar onde realizan a formación como o transporte interurbano se é o caso.

Liña 3: AXUDAS PARA A MELLORA DA CONEXIÓN DIXITAL: Alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria e ESO. Mediante contratos de liñas Wi-Fi, subministración de datos ou outros dispositivos no mercado.

Liña 4: AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE DISPOSITIVOS TECNOLÓXICOS: Alumnado de 4º ESO e BAC empadroadado no Concello de Guitiriz (aínda que curse estudos en centros fóra do Municipio) Pretende cubrir a necesidade de dispositivos tecnolóxicos para realizar tarefas e conexións académicas propias desta etapa, como son: ordenadores, portátiles ou tabletas. Esta liña é incompatible se fose concedida na convocatoria dos cursos 2024/2025 e 2025/2026

Estas **liñas de axuda son incompatibles entre si**, é dicir, cada alumno só pode escoller unha delas. O obxectivo final destas axudas é favorecer a integración sociolaboral de pais e nais nos titores/acollidos, apoiando á unidade familiar que, por carecer de recursos económicos, pode asumir o custo do servizo, baixo a competencia atribuída aos concellos, polo artigo 5 da Lei 3/1997, do 9 de xuño, de protección xurídica, económica e social da familia, e que posibilita a aplicación de medidas tanto preventivas como paliativas para garantir as necesidades básicas da familia en materia de vivenda, educación, cultura e traballo.

Estas axudas enmárcanse dentro da Liña 3 “Cooperación, solidariedade e desenvolvemento humano”. do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Guitiriz 2024-2027. As axudas irán destinadas ás familias, tendo en conta o poder adquisitivo do concello e serán compatibles con calquera outra que reciban polo mesmo concepto.





2. BENEFICIARIOS

Esta convocatoria establece como beneficiarias as familias empadroadas no Concello de Guitiriz que teñan os menores ao seu cargo matriculados en centros públicos, BAC, ESO; así como maiores de idade matriculados en ciclos formativos ou universitarios. Os solicitantes deberán cumprir, ademais dos requisitos establecidos no artigo 13.2 da Lei 18/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que se relacionan a continuación:

- 1.- A unidade familiar deberá estar empadroada e residir efectivamente no Concello de Guitiriz.
- 2.- Convivir, nesa unidade familiar, o alumnado para o que se solicita a axuda.
- 3.- Estar matriculado en centros públicos do Concello de Guitiriz. Para BAC (o alumnado matriculado en modalidades non impartidas no IES Poeta Díaz Castro en centros doutros concellos), ciclos formativos ou universitarios, estar matriculado en calquera universidade pública ou centro de formación profesional.
- 4.- Non estar incluído nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 5.- Ter presentada a solicitude e a documentación no prazo establecido.
- 6.- Para poder optar a estas axudas cumpriranse os criterios económicos recollidos no seguinte apartado.

3. RENDA PER CÁPITA E CUANTÍA DAS AXUDAS:

3.1. RENDA PER CÁPITA

A renda per cápita da unidade familiar calcularese de acordo o **anexo III BIS**. Modelo de autodeclaración da renda neta per cápita familiar.

Os ingresos de calquera natureza teranse en conta de acordo coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF). Para calcular este índice teranse en conta algunhas consideracións:

- No caso dun menor da unidade familiar cunha discapacidade recoñecida entre o 33% e o 65%, este neno computará como dous membros, no caso de que a discapacidade sexa superior ao 65% este neno computará como tres membros.
- No caso de familia monoparental, o cómputo do RPC dividirase por 2,5 no caso de ter un fillo/a, no caso de ter 2 fillos/as ou máis o cálculo será proporcional.
- Nos casos de violencia de xénero non se computarán os ingresos do agresor.

3.2. CONTÍA DA AXUDA E LÍMITE DE INGRESOS:

A/ LIÑA 1: Límite de ingresos e contías máximas das axudas para as familias beneficiarias de axudas materiais (BAC)

- Familias con renda per cápita inferior a 6.000 €: ata 150 €.
- Familias con renda per cápita entre 6.001 e 10.000 €: ata 100 €

B/ LIÑA 2: Límite de ingresos e contías máximas das axudas para as familias beneficiarias das axudas ao transporte (Grao, Ciclos formativos de grao medio ou superior, Ensinanzas superiores,...)

- Familias con renda per cápita inferior a 6.000 €: ata 500 €





Concello de Guitiriz

- Familias con renda per cápita entre 6.001 e 10.000 €: ata 300 €.

C/ LIÑA 3: Límite de ingresos e contías máximas das axudas para as familias beneficiarias

- Familias con renda per cápita inferior a 6.000 €: ata 200 €

- Familias con RPC entre 6.001 € e 10.000 €: ata 100 €

D/ LIÑA 4: Límite de ingresos e contías máximas das axudas para as familias beneficiarias:

- Familias con ingresos per cápita inferiores a 6.000 €: ata 500 €

- Familias con Renda per cápita entre 6.000 € e 10.000 €: ata 300 €

As cantidades anteriores poderán ser reducidas en proporción ás solicitudes presentadas, tendo en conta o límite organizativo aprobado.

4 . MIEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR

Para os efectos desta orde, terán a consideración de membros computables da unidade familiar:

- Pais que non estean separados ou divorciados legalmente, ou titores legais do alumnado. Tamén se considerarán titores nas situacións de acollemento en familia extensa.

- Os fillos menores, a excepción dos emancipados. Tamén aqueles que se atopen en situación de acollemento permanente ou preadoptivo.

- Fillos maiores de idade que estean minusválidos ou incapacitados legalmente.

- Fillos/as solteiras/menores de 26 anos que vivan no fogar.

- Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entendese constituída polo pai, nai e tódolos fillos e fillas que convivan con eles e reúnan os requisitos anteriores

- No caso de proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida considerárase que forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.

- No caso de separación, divorcio ou ruptura do vínculo non matrimonial, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co/a solicitante, excepto no caso de custodia compartida. En cambio, sí terá a consideración de membro/a computable o/a novo/a cónxuge ou persoa unida a/o pai/nai e que sí conviva co/a solicitante. A separación, divorcio ou ruptura do vínculo non matrimonial acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, baixa no correspondente rexistro de parellas de feito , e convenio regulador donde conste a custodia da/s crianzas.

- A estes efectos, consideranse membros da unidade familiar os/as fillos/as dun dos proxenitores que non convivan na unidade, pero que este esté abonando unha pensión alimenticia, sempre que resulte acreditado o pago da mesma.

- A separación transitoria motivada por causas de estudos, traballo, tratamento médico ou outras causas similares non rompe a convivencia e estes efectos, sempre que conste o empadramento xunto co resto da unidade familiar.

- Tódolos membros da unidade familiar deberán estar ao corrente no cumprimento dos seus deberes coa AEAT, ATRIGA e coa Seguridade Social, asimismo, deberán estar ao corrente co Concello de Guitiriz

- Os membros da unidade familiar non poderá ter pendente ningunha





xustificación da axuda do ano anterior do Concello, a non ser que se lles houbera sido concedida unha prórroga.

5. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

As xerais recollidas no artigo 8 da Ordenanza xeral de subvencións, no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei xeral de subvencións, e as seguintes:

- a) Cumprir todas as estipulacións establecidas nas bases da convocatoria.
- b) Responder da veracidade dos datos da solicitude.
- c) Comunicar ao Concello de Guitiriz calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da subvención.

6. APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Para financiar estas subvencións destínase un crédito total de 16.000,00 euros, que se imputará á aplicación 326/48100 do orzamento de gastos de 2026.

7. SOLICITUDES

• Os modelos de solicitude (**anexo I**), declaracións, etc. pódese obter nas oficinas de Servizos Sociais Municipais, no Rexistro Xeral do Concello de Guitiriz, sita na Rúa do Concello, nº 4, de Guitiriz, ou na páxina web do Concello de Guitiriz (www.concellodeguitiriz.com)

A documentación que se deberá xuntar á solicitude será a seguinte segundo os modelos que figuran como anexos a estas bases:

- Fotocopia compulsada do DNI do solicitante.
- Fotocopia compulsada do Libro de Familia.
- Fotocopia compulsada da matrícula do centro escolar ou universitario ou certificado do segundo centro ou **anexo II**.
- Declaración responsable da composición da unidade familiar e autorización para solicitar as acreditacións relativas a ingresos e débedas segundo **anexo III**.

Só no caso de non asinar este anexo poderá xustificarse da seguinte forma:

- a) Traballadores en activo:
 - a.1) Traballadores por conta allea
 - Declaración da renda correspondente ao ano 2023, na que están obrigados a presentar o Certificado de imputacións expedido pola Axencia Tributaria.
 - Fotocopia das tres últimas nóminas.
 - a.2) Traballadores autónomos:
 - Declaración da renda correspondente ao ano 2023, se non está obrigado a presentala Certificado de imputacións expedido pola Axencia Tributaria.
 - Fotocopia dos pagamentos a conta do IRPF do segundo trimestre de 2023, para empresarios ou profesionais.





Concello de Guitiriz

- b) Pensionistas:
 - Xustificante de pensión(s) mensual(es) (INSS, ISM, clases pasivas, outros).
 - c) Demandantes de emprego con prestación/subvención:
 - Certificado de prestacións do INEM dos últimos 6 meses, indicando a correspondente mensualidade e período recoñecido.
 - d) Demandantes de emprego sen prestacións:
 - Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego actualizada.
 - e) Destinatarios da RISGA.
 - A documentación figura no Departamento de Servizos Sociais, polo que non terán que acreditar o importe mensual.
 - f) Acollida familiar retribuída.
 - Xustificante do importe mensual da prestación.
 - g) Salario de liberdade.
 - Xustificante do importe mensual da prestación.
 - h) Emigrantes retornados:
 - Ingresos percibidos no país de orixe.
 - i) Outros: Se a unidade familiar alega carecer de medios, ou quere acreditar unha situación excepcional, imprevista ou de especial necesidade que afecte negativamente á situación familiar.
 - Informe social.
- Modelo autodeclaración da renda neta per cápita familiar segundo o **anexo III. Bis.**
 - Declaración responsable segundo o **anexo IV.**
 - De ser o caso, fotocopia compulsada do certificado do grao de minusvalidez no caso de que algún fillo se vexa afectado por ela, ou resolución de discapacidade.
 - Certificado da entidade bancaria no que conste o código de conta do cliente para recibir a axuda, o titular da dita conta deberá coincidir co solicitante da axuda.
 - De ser o caso, copia da sentenza de separación, divorcio ou nulidade, xunto co acordo regulador, no seu defecto, declaración xurada de percibir ou non pensión alimenticia a favor do fillo a cargo.

8. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

A instancia coa documentación solicitada presentarse preferentemente a través da sede electrónica do Concello de Guitiriz.

O prazo de presentación será ata o 20 de setembro de 2026, contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria destas bases no Boletín Oficial da Provincia, publicación que se realizará a través da Base Nacional de Subvencións (BDNS). de conformidade co disposto nos artigos 17.3 b) e 20.1 e 81a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As bases completas publicaranse na Base de Datos Nacional de Subvencións e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Guitiriz (<https://guitiriz.sedelectronica.gal/>) e na páxina web do Concello de Guitiriz (<https://concellodeguitiriz.com/>).

Todas as demais resolucións desta convocatoria serán publicadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Concello de Guitiriz. As bases e os





Concello de Guitiriz

seus anexos estarán á disposición dos interesados no Rexistro Xeral do Concello e nas dependencias dos Servizos Sociais Municipais.

Se as solicitudes presentadas non reúnen os requisitos sinalados, requirirase os interesados para que emenden as anomalías advertidas no **prazo máximo e improrrogable de dez días**, de non facelo, entenderase desistida da súa solicitude.

9. VALORACION DAS SOLICITUDES.

As solicitudes valoraránse tendo en conta os ingresos da unidade familiar, o número de membros da unidade familiar, as situacións particulares que se acrediten, a distancia entre o domicilio e a localización do centro educativo (en axudas ao transporte), e o número de solicitudes presentadas que cumpran os requisitos establecidos no punto 2.

A comisión poderá requirir aos interesados que xustifiquen ou mellor acrediten os ingresos da unidade familiar nun prazo máximo e improrrogable de dez días.

A comisión de valoración, que valorará as solicitudes presentadas e elevará a proposta de resolución ao órgano competente para a concesión das subvencións, estará integrada polo alcalde, o concelleiro de servizos sociais ou persoa en quen delegue, un técnico dos servizos sociais comunitarios e a interventora municipal.

A comisión actuará conforme o disposto no artigo 11.5 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Guitiriz.

10. RESOLUCIÓN

A Xunta de Goberno Local, á vista da proposta da comisión de valoración, resolverá o procedemento conforme o disposto no artigo 11.6 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Guitiriz.

11. ANTICIPO DE SUBVENCIÓN

Poderán realizarse anticipos á conta de subvencións que non poderán superar o 80% do total concedido, previa solicitude do mesmo.

12. XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS

Con carácter xeral, para as liñas 1, 3 e 4, as facturas deberán corresponder ao período que abrangue o curso 2026/2027 segundo o establecido polo calendario escolar da Xunta de Galicia agás a LIÑA 3 que poderá referirse a todo o ano natural 2026 a excepción dos meses xustificadas na convocatoria do 2025.

LIÑA 1: AXUDAS PARA MATERIAIS ESCOLAR

A axuda para material escolar aboarase, unha vez xustificado o gasto co ANEXO V, e as facturas correspondentes, ou xustificante do gasto correspondente .





Concello de Guitiriz

As facturas deberán conter polo menos os seguintes requisitos:

- Nome, razón social e NIF ou CIF da persoa que emite a factura.
- Desglose do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.
- Nome e NIF ou CIF do beneficiario da subvención, e a factura deberá ser expedida a nome do solicitante da subvención.
- Relación detallada do adquirido
- Número de factura, data e lugar de emisión e denominación de "factura".
- Mención expresa de cobrar.

A axuda para material escolar deberá xustificarse como máximo ata o 30 de novembro de 2026.

LIÑA 2: AXUDAS AO TRANSPORTE

Unha vez rematados os seus estudos e como moi tarde o 31 de xullo de 2027, os beneficiarios das axudas ao transporte deberán presentar o seguinte:

- Certificado acreditativo de ter presentado polo menos o 50% das materias nas que estaba matriculado. Preferiblemente, este documento será expedido polo centro de estudos correspondente. En caso contrario, admitirase copia do expediente académico ou expediente académico que acredite esta circunstancia.

- Xustificación documental do gasto realizado para dar cobertura , durante o curso 2026/2027, aos custos por desprazamentos realizados dende o municipio de Guitiriz ata o municipio no que se encontre o centro de estudos correspondente en cada caso. A tal efecto, consideraránse admisibles: facturas de medios de transporte públicos ou privados nas que se recollan expresamente a orixe e o destino e o importe sufragado. No caso de emprego de vehículo privado/propio, deberá achegar unha declaración responsable asinada, ben polo alumno/a, se fora maior de idade, ben polo representante legal, en caso contrario, na cal se manifeste expresamente baixo a súa responsabilidade:

- o O número exacto de viaxes realizados dende o municipio de orixe ata o municipio no que se encontre o centro de ensinanza no que o alumno/a estea cursando estudos, co detalle dos quilómetros realizados en cada un deles.
- o Declaración expresa polo asinante de que eses viaxes realizáronse coa finalidade de transportar ao alumno/a ao municipio no que se encontre o centro de estudos.

Para a cuantificación económica da quilometraxe terase en conta o disposto na Orde HPF/793/2025, do 12 de xullo, pola que se revisa o importe da indemnización por uso de vehículo particular establecida no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, que aplica actualmente un importe de 0,26€ por quilómetro.

Incorpórase o **Anexo V BIS**. Conta xustificativa transporte para esta liña de axudas.

Se a xustificación presentada non reúne os requisitos sinalados, os interesados estarán obrigados a corrixir as anomalías observadas no prazo máximo e improrrogable de dez días, no seu defecto consideraranse desistidos da súa solicitude.





Dado que estas axudas son de interese social, pola situación das familias ás que van dirixidas, terán a consideración de especiais, polo que o importe da subvención poderá ser do cen por cento do gasto total.

LIÑA 3: AXUDAS PARA CONEXIÓN DIXITAL

As axudas para conexión dixital aboaranse, unha vez xustificado o gasto co ANEXO V e as facturas correspondentes, ou xustificante do gasto correspondente.

As facturas deberán conter polo menos os seguintes requisitos:

- Nome, razón social e NIF ou CIF da persoa que emite a factura.
- Desglose do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.
- Nome e NIF ou CIF do beneficiario da subvención, e a factura deberá ser expedida a nome do solicitante da subvención.
- Relación detallada do adquirido ou contratado.
- Número de factura, data e lugar de emisión e denominación de "factura".
- Mención expresa de cobrar.

A axuda vinculada deberá xustificarse no prazo dun mes desde a recepción da notificación da subvención e en todo caso ata o 30 de novembro de 2026.

Para a xustificación desta axuda considerárase válido todo o período do ano natural 2026 a excepción dos meses xustificadas na convocatoria do 2025.

LIÑA 4: AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE DISPOSITIVOS TECNOLÓXICOS.

As axudas para a adquisición de aparellos aboaranse, unha vez xustificado o gasto co ANEXO V e as correspondentes facturas, ou xustificante do gasto correspondente.

As facturas deberán conter polo menos os seguintes requisitos:

- Nome, razón social e NIF ou CIF da persoa que emite a factura.
- Desglose do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.
- Nome e NIF ou CIF do beneficiario da subvención, e a factura deberá ser expedida a nome do solicitante da subvención.
- Relación detallada do adquirido ou contratado.
- Número de factura, data e lugar de emisión e denominación de "factura".
- Mención expresa de cobrar.

A axuda vinculada deberá xustificarse ata o 30 novembro de 2026.

13. RECURSOS

Contra a resolución firme, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de revogación ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo. Administrativo. de Lugo.

14. CASOS EXCEPCIONAIS:





Sen prexuízo do anterior, en casos excepcionais, a comisión poderá comprobar o gasto por métodos indirectos cando concorran circunstancias socioeconómicas ou de forza maior debidamente xustificadas.

15. INCUMPRIMENTO E REINTEGRO DAS ACHEGAS

De conformidade co disposto nos artigos 33 e seguintes da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondentes desde o momento do pagamento da achega ate a data que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

- a) Obtención da axuda falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o houberan impedido.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamente a concesión da subvención.
- c) Incumprimento da obrigaón de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos do artigo 28 da Lei de Subvencións de Galicia e no caso das normas reguladoras da subvención.
- d) Incumprimento da obrigaón de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 3 do artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.
- e) Resistencia, excusa, obstrucción ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007.
- f) Incumprimento das obrigaóns impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, realízase a actividade, execútase o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- g) Incumprimento das obrigaóns impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios.
- h) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 e 89 do Tratado da UE, dunha decisión da que se derive unha necesidade de reintegro.
- i) Nos demais supostos contemplados na normativa reguladora da subvención.

16. DISPOSICIÓN ADICIONAL

No non previsto nestas bases, estarase ao disposto na ordenanza xeral que regula a concesión de subvencións municipais e, ademais, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no RD 887/2006, do 17 de novembro, Será de aplicación polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDA PARA MATERIAL ESCOLAR OU TRANSPORTE DE ESTUDANTES PARA O CURSO 2026/2027

<i>Solicitante</i> <i>(Proxenitor/a 1 no caso de menores)</i>		<i>DNI/NIE</i>
<i>Proxenitor/a 2 (caso de menores)</i>		<i>DNI/NIE</i>
<i>Enderezo</i>		
<i>Localidade</i>		
<i>Teléfono</i>		
<i>Correo electrónico</i>		

EXPÓN:

Que reúno todos os requisitos do punto segundo das bases de axudas para a adquisición de material escolar ou transporte, e os ingresos do ano 2025 da miña unidade familiar, ponderados na forma establecida nas bases da convocatoria.

SOLICITA:

Que se me conceda unha axuda para a adquisición de material escolar, transporte, mellora da conexión dixital ou dispositivos tecnolóxicos, destinada ao seguinte alumnado que curse estudos nos centros que se indican a continuación:

<i>Nome do alumno/a</i>	
<i>Centro educativo</i>	
<i>Curso</i>	
<p>Marcar solo la liña que solicita:</p> <ul style="list-style-type: none"> • LINEA 1: AXUDAS AO MATERIAL (BAC) • LINEA 2 : AXUDAS AO TRANSPORTE (Alumnado de Universidade, F.P.Basica e Ciclos FP ou excepcionalmente outros estudos oficiais) • LINEA 3: MELLORA DA CONEXIÓN DIXITAL (5º , 6º de E.P. e E.S.O.) • LINEA 4 : DISPOSITIVOS TECNOLÓXICOS (4º ESO e B.A.C) 	

Documentación adicional achegada co formulario de solicitude (consultar):





Concello de Guitiriz

- Fotocopia compulsada do DNI do solicitante.
- Fotocopia compulsada do Libro de Familia.
- Fotocopia compulsada da matrícula no centro ou universidade ou certificado do centro segundo o anexo II.
- Declaración responsable segundo o anexo III e autodeclaración segundo o anexo III. Bis.
- Declaración responsable segundo o anexo IV.
- Certificado bancario co código de conta do cliente para conseguir axuda con material escolar, transporte, mellora da conexión dixital ou dispositivos tecnolóxicos. O titular da conta deberá coincidir co solicitante da axuda.
- De ser o caso, fotocopia compulsada do certificado do grao de minusvalidez no caso de que algún fillo se vexa afectado por ela, ou resolución de discapacidade.
- De ser o caso, copia da sentenza de separación, divorcio ou nulidade, xunto co acordo regulador, no seu defecto, declaración xurada de percibir ou non pensión alimenticia a favor dun fillo a cargo.
- Xustificante dos ingresos de todos os membros da unidade familiar maiores de 18 anos que residan no domicilio (só no caso de non asinar o ANEXO III)

*Sinatura proxenitor/a 1
separación)*

Sinatura proxenitor/a 2 (caso

Guitiriz , ____ de _____ de 2026.

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DEL CONCELLO DE GUITIRIZ





ANEXO II: CERTIFICACIÓN MATRICULACIÓN DO CENTRO EDUCATIVO

D. / D^a. _____, Secretario/a do centro _____,

CERTIFICO:

Que o alumno/a _____, realizou a matrícula para cursar en este centro estudos de _____, durante el curso 20__/20__.

Guitiriz, _____ de _____ de 2026.

Asdo. _____.





ANEXO III: DECLARACIÓN RESPONSABLE DA COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR E AUTORIZACIÓN PARA SOLICITAR AS ACREDITACIÓNS RELATIVAS A INGRESOS E DÉBEDAS.

Declaro / declaramos que son certos os datos desta solicitude e que a unidade familiar está composta polo membros que se reflicten neste escrito.

En aplicación do artigo 95.1k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, e exclusivamente aos efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención que se solicita no impreso que se achega a este documento, os asinantes autorizamos, ao Concello de Guitiriz, para a obtención e comprobación da documentación e información, das distintas administracións públicas, entre elas a información tributaria que precise en relación coa convocatoria de concesión de axudas para a adquisición de material escolar, transporte e redución da fenda dixital de estudantes para o curso 2026/2027.

O Concello de Guitiriz, órgano que tramita o expediente de axudas de libros e material escolar, poderá solicitar á vista desta declaración calquera outra documentación que considere necesaria para acreditar os datos achegados e que resulte necesaria para a resolución do expediente.

<i>Solicitante ou parentes co</i>	<i>Apelidos e Nome</i>	<i>DNI NIF /</i>	<i>Data de nacemento</i>	<i>Estado civil</i>	<i>Persoa con discapacidade (SI/NON)</i>	<i>Sinatura</i>





Guitiriz, _____ de _____ de 2026

Asdo. _____.

INFORMACION DE PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos , informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE GUITIRIZ , con dirección en Rúa do Concello, 4. 27300 Guitiriz (Lugo); correo delegado protección de datos: info@concellodeguitiriz.com

Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e levar a cabo a xestión e o control da actividade descrita, así coma a publicidade das imaxes recabaas para difusión nas redes sociais , páxina web e calquera outro medio de comunicación, baseándonos no consentimento e no interese público . Os datos non se cederán a terceiros , salvo por obriga legal.

Vostede pode exercer os seus dereitos de protección de datos en calquera momento; para elo, pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar ao CONCELLO DE GUITIRIZ o formulario de exercicio de dereitos, sempre acompañado dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Pode solicitar por correo electrónico a información adicional e detallada sobre Protección de Datos ou consúltala en <https://concellodeguitiriz.com/politica-proteccion-datos/>

Guitiriz, _____ de _____ de 2026

Asdo. _____.





ANEXO III. BIS: MODELO DE AUTODECLARACIÓN DA RENDA NETA PER CÁPITA FAMILIAR .

A) RENDA NETA IRPF 2025: _____

Casiña 435 + casiña 460 - casiña 595 = X

B) MEMBROS DA UNIDAD FAMILIAR INCLUÍDO ALUMNADO PARA O CAL SE SOLICITA A AXUDA: número de membros = Y

<i>Solicitante /Parentesco *</i>	<i>DNI</i>	<i>Apelidos</i>	<i>Nome</i>	<i>Data nacemento</i>

***Obrigatorio cubrir os datos de todos os membros da unidade familiar, proxenitor/a e fillos/as.**

C) A RENDA NETA PER CAPITA FAMILIAR = X/Y





Concello de Guitiriz

ASDO. (Todos os membros da Unidade Familiar, maiores de idade)

Guitiriz, _____ de _____ de 2026

NOTAS:

A renda neta per cápita familiar obterase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base á declaración da renda do exercicio 2025.

1. Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro.
2. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación

Segundo isto, a renda familiar para os efectos de autodeclaración é o resultado de facer as seguintes operacións coa declaración do IRPF:

Casiña 435 (base imponible xeral) + casiña 460 (base imponible aforro) - casiña 595 (cuota resultante da autoliquidación - deduccions)

O resultado obtido dividirase polo número de membros que forman parte da unidade familiar.

O concepto de unidade familiar será o definido na normativa do IRPF. Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as rendas obtidas por todas as persoas que integran a unidade familiar.





ANEXO IV: DECLARACION RESPONSABLE

D./

D^a.

_____, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria de axudas para a adquisición de material escolar, transporte e redución da fenda dixital para o curso 2026/2027:

DECLARO baixo a miña responsabilidade:

1. Que coñezo e acepto as bases da convocatoria e me someto ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Guitiriz acorde para verificar que as actuacións ás que se dedica a subvención, no caso de que fose. que nos concede, corresponden aos fins para os que se solicita.
2. Que estou ao corrente das obrigas tributarias coa Facenda estatal, autonómica, local e coa Seguridade Social.
3. Que non estou incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia;
4. Que non teño pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Guitiriz.
5. Solicitei e/ou recibin outras axudas para a mesma finalidade ca axuda solicitada nesta convocatoria:

NO
N
SI

DENOMINACIÓN	ENTIDADE CONCEDENTE	IMPORTE

6. Que todos os datos achegados na presente solicitude son certos.





Concello de Guitiriz

ASDO _____

Guitiriz, _____ de _____ de 2026

ANEXO V: CONTA XUSTIFICATIVA

D.Dna _____ CO
 D.N.I. _____, de conformidade co establecido nas bases de convocatoria de axudas para o material escolar, transporte e redución da fenda dixital para o curso 2026/27:

DECLARO:

Que os gastos financiados con esta achega son os seguintes:

CIF Expedidor	Razon social expedidor	Nº factura	Data factura	Importe
			Total gastos	

Guitiriz a _____ de _____ de 2026

O/A solicitante _____





Concello de Guitiriz

				0,26 €/km	
				0,26 €/km	
			Total gastos		

Guitiriz, a de de 2026

O/A solicitante

